

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (**ESQUERDA UNIDA-ANOVA**), a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**, relativa á ocupación da Residencia de Tempo Libre de Patos (Nigrán).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 19 de febreiro de 2015, na sesión ordinaria da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, aprobou por unanimidade, cunha emenda do Partido Popular, unha Proposición non de lei de AGE que instaba a traballar para conseguir maior ocupación da residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán). O acordo foi publicado o 20 de febreiro no Boletín do Parlamento de Galicia.

O texto aprobado foi o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Manter aberta, polo menos durante 8 meses, a residencia de tempo libre de Panxón, sempre que exista demanda suficiente que xustifique a súa apertura.
- 2.- Realizar unha campaña informativa da oferta do centro co fin de ocupalo a maior parte do tempo posible e dar conta dos seus resultados á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Parlamento de Galicia tras o período estival e unha vez rematado o ano.”

Por estes feitos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)** presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a informar sobre o tempo de apertura do centro no que levamos de ano e a realización da campaña aprobada (custes, características, resultados...)

Compostela, 04 de setembro de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do GP. da AGE

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 07/09/2015 11:39:24

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/09/2015 11:39:32